



Asunto: Resolución de delimitación de áreas de influencia do concello de Narón.

De conformidade co artigo 2 do decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e da orde do 12 de marzo de 2013, emítense resolución de delimitación de áreas de influencia do concello de Narón baseada nas seguintes

### **CONSIDERACIÓNS**

**Primeira.-** O artigo 2 do decreto 13/2022, do 3 de febreiro e da orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regulan as áreas de influencia, áreas limítrofes e procedemento para a delimitación.

As áreas de influencia dun centro é o conxunto de todas as direccións catastrais nas que se obtén a máxima puntuación polo criterio de proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo das/os nais/pais ou representantes legais.

A persoa titular da xefatura territorial delimitará as áreas de influencia dos centros e as limítrofes destas, oídos os consellos escolares municipais, a xunta provincial de directoras/es e un/unha representante das/dos titulares dos centros privados concertados, e logo do informe da inspección educativa. De non estar constituído o consello escolar municipal, oírase o concello ou concellos afectados.

As áreas de influencia e limítrofes terán unha vixencia de cinco anos prorrogables, sen prexuízo de que se poida proceder á súa delimitación en calquera momento, por variación dos postos escolares ou da poboación que haxa que escolarizar no seu ámbito, ou porque así o aconselle a experiencia acadada na súa aplicación.

A resolución pola que se delimiten ou modifiquen as áreas de influencia e limítrofes publicarase antes do inicio do correspondente proceso de admisión no ámbito das xefaturas territoriais e manteranse expostas durante todo o proceso

**Segunda.-** O órgano competente para emitir a presente resolución é o xefe territorial da Coruña, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de conformidade co disposto no artigo 2 do decreto 13/2022, do 3 de febreiro e da orde do 12 de marzo de 2013.





**Terceira.-** O servizo territorial de inspección educativa emitiu propostas de delimitación das áreas de influencia do concello de Narón nos seguintes termos:

### **ZONAS DE INFLUENCIA. CONCELLO DE NARÓN** **CENTROS PÚBLICOS**

#### ZONA 1:

Inclúe os centros CEIP Plurilingüe Virxe do Mar, CEIP A Solaina e IES As Telleiras.

#### Delimitación

Ao este e ao norte limita co Concello de Ferrol atas a rotonda da autovía e baixa cara o sur pola estrada de Santa Tecla, Estrada de Castela (ambas beirarrúas) ata outra vez o termo municipal de Ferrol. Incluídas na zona as rúas que conforman os límites.

#### ZONA 2:

Inclúe os centros CEIP A Gándara e IES Terra de Trasancos.

#### Delimitación

Ao norte limita coa estrada de Castela cara o este pola rúa Souto Vizoso e baixa cara o sur pola Estrada da Gándara ata o mar e limita ao oeste co termo municipal de Ferrol.

#### ZONA 3:

Inclúe o centro CEIP de Piñeiros.

#### Delimitación

Limita ao sueste pola Autoestrada AP-9 sube para o norte pola Rúa Areosa, pola Rúa García Morato ata o enlace coa Rúa Noriega Varela e continúa ata o lugar de Ansede para seguir de acordo co límite parroquial chegando pola Rúa Río Baxoi ata o mar.

#### ZONA 4:

Inclúe o centro CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia.

#### Delimitación





Polo sur limita co mar, polo oeste coa Rúa Río Baxoi, incluída nesta zona, e continúa polo norte co límite parroquial (incluídas as vivendas de San Clemente) e corta polo este co límite do termo municipal de Neda.

#### ZONA 5:

Inclúe o CRA de Narón.

#### Delimitación

Escola de Domirón

Polo este polas Rúas Bergantiños e Edreiro ata o cruce coa Rúa Souto Vizoso, cruza a Estrada de Castela e continúa cara ao norte polo Camiño da Torre ata vía do tren e o enlace coa rotonda. Baixando cara o sur pola Rúa Santa Tecla para enlazar coa Rúa Bergantiños. Todas as rúas están incluídas na zona.

Escola do Val

Comprende a parroquia do Val

Escola de Sedes

Comprende a parroquia de Sedes

#### ZONA 6:

Inclúe o CPI do Feal.

#### Delimitación

Resto de poboacións do Concello de Narón que non se recollen nas zonas anteriores, coas excepcións da parte das parroquias de Pedroso e Doso que se escolarizan no CPI de San Sadurniño.





**ZONAS DE INFLUENCIA. CONCELLO DE NARÓN**  
**CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS**

ZONA 1:

Inclúe o centro CPR Ayala.

Delimitación

Polo sur coa estrada de Castela ata a rotonda da estrada de Cedeira, pola que continúa ata o límite do Concello de Narón. Norte e oeste cos Concellos de Valdoviño e Ferrol.

ZONA 2:

Inclúe o centro CPR Jorge Juan.

Delimitación

Comprende o territorio correspondente ás parroquias de Xubia e San Xiao.

ZONA 3:

Inclúe o centro CPR Santiago Apóstolo.

Comprende o resto do Concello de Narón non incluído nas zonas 1 e 2“.

**Carta.-** As propostas de delimitación das áreas de influencia descritas foron aprobadas pola Xunta Provincial de Directores na reunión celebrada en data 22 de febreiro de 2022.

Consta no expediente a certificación emitida o día 4 de marzo de 2022 polo Secretario da Xunta Provincial de Directores en relación aos acordos adoptados.

Vistos:

O decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación





A orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Por todo o cal

**RESOLVO:**

Delimitar as zonas de influencia dos centros públicos de educación infantil e primaria e centros concertados do concello de Narón, segundo o disposto nas propostas emitidas polo servizo territorial de inspección educativa e aprobadas pola Xunta Provincial de Directores na reunión celebrada en data 22 de febreiro de 2022.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer recurso de alzada perante o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación e/ou publicación de conformidade co disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado electronicamente en A Coruña

O xefe territorial

Indalecio Cabana Leira

